

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, O CONCELLO DE MUXÍA E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. PARA A CELEBRACIÓN DA ROMARÍA DA NOSA SRA. VIRXE DA BARCA 2026

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Muxía o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración para o apoio á celebración da Romaría da Nosa Sra. Virxe da Barca 2026.

O apoio deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos,



para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Segundo.- O apoio ás festas de interese turístico, é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para o desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

Terceiro.- O Concello ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no exercicio das cales desenvolve diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración da Romaría da Nosa Sra. Virxe da Barca.

No concello de Muxía está o popular Santuario da Virxe da Barca onde cada domingo seguinte ao 8 de setembro celébrase esta romaría chea de connotacións panteístas ancestrais. Esta Romaría é unha antiga celebración de culto que remonta a súa orixe aos séculos XI ou XII que segue congregando hoxe en día unha grande cantidade de fregueses. Paralela á celebración relixiosa foise creando outra festa que converteu a esta romaría nun punto de encontro dos mozos que acampan ao redor da vila e pasan na noite bailando ata ao amencer.

As festas comezan coa celebración da Novena, o venres último día da Novena a asistencia a esta aumenta debido aos numerosos romeiros que en cumprimento das súas promesas acoden a Muxía camiñando dende os seus lugares de orixe xa que na festa é tradición a peregrinaxe dende os pobos da comarca. Achéganse de diferentes xeitos, tales como percorrer un tramo do viaxe de xeonllos, escoitar misas durante varios días, o culto ás pedras.

A Romaría da Nosa Sra. da Barca de Muxía é un evento de prestixio que conxuga unha celebración relixiosa ancestral coas actividades lúdicas actuais e converteuse nunha referencia imprescindible e nunha cita ineludible no calendario de festas da comunidade autónoma galega. Conta coa declaración de Festa de Interese Turístico Nacional desde o 27 de outubro de 1989. Ao longo da súa exitosa historia, este evento soubo manter as



súas sinais de identidade e revitalizar e incrementar a súa repercusión turística, e posiciónase coma o evento mais adecuado para dar a coñecer o recursos turísticos da nosa comunidade.

A Romaría de Nosa Señora Virxe da Barca de Muxía foi declarada no ano 1989 Festa de Interese Turístico Nacional.

A Romaría da Barca, verdadeira simbiose de actos relixiosos e profanos, é unha das mais grandes que se celebran en Galicia. A intensidade con que se vivía e aínda se vive esta Romaría pola xente de Muxía é tal que os mais vellos teñen estas datas como referenciais na medida do tempo o resto do ano, existe o antes e despois da Barca.

Neste ano 2026 a Romaría terá lugar os días 11, 12, 13 e 14 de setembro. Os días de máis afluencia de romeiros son o sábado 12 e o domingo día 13, nos que a afluencia de persoas pode acadar as 50.000 persoas. Ábrese o proceso festivo coa celebración do novenario á Virxe da Barca, que é moi concorrido pola xente da vila e dos arredores. O domingo celébrase a Misa Grande ó aire libre no exterior do Santuario, e ó remate da dita misa comeza a procesión, onde participan milleiros de persoas, que dende a Barca van en procesión cara á ribeira da vila para ver a tirada da traca de fogos de artificio máis grande de Galicia. As festas rematan o luns, o día dos muxiáns, o día tranquilo, no que se acompaña á Virxe desde a Igrexa Parroquial ata o Santuario. Pola noite é de tradición ter sempre unha das maiores orquestras de Galicia para o remate das festas.

Durante os catro días desenvolveranse pasarrúas de grupos de gaitas, bandas de música, agrupacións folclóricas, cabezudos, animación infantil e demais actividades tradicionais vinculadas á romaría.

Cuarto.- ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do márketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.



Dado o interese común en realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e a promoción da Festas de Interese Turístico, a Axencia de Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

O apoio, promoción e difusión deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Quinto.- Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Muxía unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2004, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

